

**MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 NOS PROCESOS  
SELECTIVOS NO CONCELLO DE VIGO  
(Proba de natación na piscina municipal do Carme)****INFORMACIÓN PARA OPOSITORES**

- O chamamento de admitidos/as para a celebración da proba selectiva realizarase coa máscara posta na porta de acceso á instalación localizada na R/ do Carme.
- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se está en corentena, foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se atopa en período de corentena por haber tido contacto estreito cunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- Os opositores deben acreditar a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias para acceder á piscina<sup>1</sup>:
  - 1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 (certificado emitido polo servizo público de saúde).
  - 2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas, no caso das PCR, e 48 horas, no caso dos test de antíxenos (certificado emitido por laboratorio oficial autorizado).
  - 3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses. Para iso, a persoa deberá ter sido diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba PCR, e non é válido outro tipo de test.
- Permitirase a utilización dos vestiarios e duchas seguindo as indicacións que lle sexan proporcionadas e a sinalización do recinto.
- Á zona de piscina unicamente se accederá co bañador, gafas, gorro, chanclas, máscara e chaves da taquilla ademais dunha bolsa para gardar a máscara mentres se está na auga. A toalla deberá deixarse na taquilla.
- A utilización da máscara é obrigatoria en todo momento agás no momento de realización da proba no interior da piscina e durante a ducha. Non será retirada ata que o tribunal o indique. Deberá levar unha bolsa ou sobre para gardala mentres se realiza a proba. Recoméndase levar máscara de reposto por se se deteriora a que leva posta.
- Recoméndase non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Deberá ser puntual na hora da convocatoria para o chamamento. Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias.
- Evitará aglomerarse ao redor da porta de acceso. O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que escoite perfectamente. Serán convocados de forma graduada para evitar aglomeracións.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.
- Tralo chamamento seguirá as indicacións do tribunal ou persoal de apoio para o uso das instalacións, mantendo a distancia mínima de seguridade de 2 m co resto de aspirantes en

<sup>1</sup>En cumprimento do establecido no punto segundo da ORDE do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola ORDE do 9 de febreiro de 2022 pola que se prorrogan diversas ordes polas que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

todo momento.

- Respetarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación, correcto lavado de mans).
- Unha vez finalizada a proba pasará ao vestiario / duchas intentando rematar tan pronto como sexa posible. A continuación abandonará as dependencias e inmediacións evitando aglomeracións de persoas.
- Se nas seguintes 72 horas á celebración do exame é diagnosticado/a positivo/a en COVID-19, solicítase o comunique ao Concello de Vigo no correo electrónico [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org) por se fora necesaria a adopción de medidas preventivas.
- No caso de aparición de síntomas durante a celebración da proba avisarase ao tribunal ou persoal de apoio. O recinto conta cunha sala COVID ao que será conducido neste caso. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

#### UTILIZACIÓN DOS VESTIARIOS:

- A cada aspirante lle será entregado tras o chamamento unha tarxeta que deberán levar ao vestiario que se corresponda coa tarxeta que lles foi entregada, e ocuparán o posto indicado nesta tarxeta. Cambiaranse respectando o seu sitio, coa máscara posta e mantendo a distancia de seguridade, gardarán as súas pertenzas no armario cuxo número se corresponda co do posto no que se cambiaron, e deixarán a tarxeta neste posto, sobre o banco, de forma que queda cara arriba a parte que pon “ESPAAZO OCUPADO. Por favor, cando remates dalle a volta a esta tarxeta e depositaa no banco”. Tan pronto como estea cambiado e teña deixado as súas pertenzas na taquilla dirixirase á piscina, mantendo en todo momento a distancia de seguridade.
- Unha vez na piscina seguirán as instrucións do tribunal, mantendo a distancia de seguridade interpersoal ata o momento da proba. Antes de meterse na agua retirará a máscara, que depositará no lugar previsto xunto as súas chanclas e chave da taquilla, introducíndoa nunha bolsa ou sobre que deberá levar cada aspirante.
- Unha vez finalizada a proba, colocarán a máscara, recollerán as súas pertenzas e irán ao vestiario e posto que tiñan asignado para cambiarse. Ao rematar, deixarán a tarxeta coa mensaxe “NON USAR. Pendente de limpeza e desinfección. Grazas!” cara arriba, e ninguén utilizará estes postos ata que pase o persoal de limpeza a desinfectalos e retire as tarxetas. Os/as aspirantes abandonarán o recinto sen deterse cos/as aspirantes que esperan a ser chamados para evitar aglomeracións. Ningún aspirante poderá utilizar un posto ocupado cunha tarxeta.



Colocación da tarxeta no banco do vestiario utilizado mentres se realiza a proba



Colocación da tarxeta no banco do vestiario utilizado ao abandonar a instalación, unha vez rematada a proba